

O baile irredento

Diego Ameixeiras

Cando era adolescente, Alberte Momán (Ferrol, 1976) desexaba vender a súa alma ao diaño, como Roberte Johnson, pero de tanto escoitar os discos de Jefferson Airplane acabou rendido á voz de Grace Slick. Un día decatouse de que a loita corpo a corpo co lector era unha batalla irrenunciable, así que tirou a primeira pedra e correu en dirección contraria agardando a rompedura do cristal. Aquele bautizo chamouse *O lobo da xente* (Positivas, 2003), unha novela erótica que lle valeu ingresar na nómina de gañadores do Narrativas Quentes. Educouse literariamente no dadaísmo, entre Hausmann e Huelsenbeck, aínda que nunca se recuperou das puñaladas de Boris Vian. Por iso, mentres escoitaba a The Clash, relía O arrancacorazóns e descubría o autor ao que segue volvendo con asiduidade. Posteriormente viñeron *O alento da musa* (Difusora, 2007), e poemarios como *Erótica* (Lula.com, 2008), *Baile Àtha Cliath* (Caldeirón, 2008), *A crise irredutible* (Lulu.com, 2009) ou a máis recente *Os quilómetros que percorremos dende aquela* (Toxosoutos, 2011). Unha traxectoria que semella nacer dun espasmo, da rutina como conflito permanente, dun golpe certo que percute no visible amosando unha vontade de agresión.

Como se identifica cun colibrí -o paxaro estrela do surrealismo-, Alberte Momán non deixa de mover as ás e puxo en marcha O Figurante, proxecto editorial que botou a andar a finais do verán pasado con *Planh. 10 poemas de Anne-Marie Cazalis*, unha obra esquecida -mesmo en Francia- e publicada orixinalmente en 1944 nunha edición artesanal de só douscentos exemplares. A escolla non foi fortuíta: acudindo de novo a Boris Vian, coñeceu a Cazalis nas páxinas do seu *Manual de Saint Germain-des-Prés*, onde se recolle un poema da autora, e pasado o tempo fíxose cun exemplar do libro. O impacto da descuberta foi o desencadeante para impulsar o selo, que sumou así ao seu traballo dentro do grupo poético A Porta Verde do Sétimo Andar. Precisamente, grazas aos chamados *Cardernos Q* de Vian, editados polo colectivo, sabemos que estes días vén de dar a luz *Vattene!*, a súa última entrega narrativa en forma de novela curta. Mentiras mil veces repetidas do presunto Estado do benestar, tinturas surrealistas e unha historia que coloca ao protagonista fronte a esas barroncas nas que os desprivilexiados tentan procurar solucións á súa miseria. Iso é o que leva dentro. Outro golpe, asestado dende as marxes, que non fai oídos xordos á banda sonora dos nosos días: tambores de guerra.